



DATOS IDENTIFICATIVOS

Auditoría laboral

Materia	Auditoría laboral			
Código	V08G211V01909			
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Suárez Porto, Vanessa María			
Profesorado	Suárez Porto, Vanessa María			
Correo-e	vsuarez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia centrada no estudo pormenorizado do análise da eficiencia, eficacia e coherencia das estratexias, procesos e técnicas da dirección de recursos humanos nas empresas			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para buscar, analizar y sintetizar información para construír argumentos y emitir juicios en diferentes ámbitos de actuación profesional
B2	Capacidade para comunicar y defender de forma oral y escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad
B3	Capacidade para el aprendizaxe continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional
B5	Capacidade para desenvolver su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontolóxico profesional
C17	Conocer la función empresarial de recursos humanos. Conocer y aplicar las técnicas/procedimientos de dirección y gestión de recursos humanos, teniendo en cuenta la realidade empresarial
D1	Capacidade de análisis y síntesis para la elaboración y defensa de argumentos, así como, organización, planificación y utilización del tiempo ante situaciones de presión

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O alumnado coñece os diferentes métodos de auditoría aplicables a función empresarial dos recursos humanos. Vai ser quen de avaliar o grao de coherencia, eficacia e eficiencia das actividades de dirección e xestión dos recursos humanos, aplicando o método correspondente e deseñando accións de mellora	A2	B1	C17	D1
	A4	B2		
	A5	B3		
		B5		

Contidos

Tema	
Auditoría Estratéxica da función empresarial de recursos humanos	1. Auditoría da Dirección estratéxica de recursos humanos

Auditoria dos procesos empresariais de compensación de recursos humanos	1. As actividades empresariais de compensación de recursos humanos 2. Auditoria das actividades empresariais de compensación de recursos humanos
A auditoria na función empresarial de recursos humanos	1. Concepto de auditoria 2. A auditoria dentro das actividades da función de recursos humanos. 3. Tipoloxía da auditoria 4. Métodos de auditoria
Auditoria dos procesos empresariais de desenvolvemento de recursos humanos	1. As actividades empresariais de desenvolvemento de recursos humanos 2. Auditoria das actividades empresariais de desenvolvemento de recursos humanos
Auditoria dos procesos empresariais de adquisición de recursos humanos	1. As actividades empresariais de adquisición de recursos humanos 2. Auditoria das actividades empresariais de adquisición de recursos humanos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Estudo de casos	10	15	25
Prácticas con apoio das TIC	3	6	9
Estudo previo	0	40	40
Lección maxistral	35	30	65
Resolución de problemas de forma autónoma	0	8	8
Exame de preguntas obxectivas	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Estudo de casos	Formulación, resolución, presentación e debate de exercicios/cuestións/problemas/casos prácticos por parte do alumno/a, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesor/a. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos específicos e axeitados, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Prácticas con apoio das TIC	Formulación, resolución, presentación e debate de exercicios de aplicación práctica de diversas técnicas por parte do alumno/a a través das TIC en aulas de informática, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesor/a.
Estudo previo	Traballo autónomo do alumno/a que consistirá na procura, lectura e traballo de documentación, preparación de propostas de resolución de problemas e/ou exercicios, así como na preparación de probas avaliáveis.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver de forma autónoma a análise e a resolución dos problemas e/ou exercicios polo que é preciso que o alumno traballe previamente o material explicado polo profesor/a.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Formulación, resolución, presentación e debate de exercicios/cuestións/problemas/casos prácticos por parte do alumno/a, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesor/a. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos específicos e axeitados, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Prácticas con apoio das TIC	Formulación, resolución, presentación e debate de exercicios de aplicación práctica de diversas técnicas por parte do alumno/a a través das TIC en aulas de informática, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesor/a.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Estudo de casos	Avaliarase a comprensión da materia, a aplicación de técnicas específicas idóneas, a argumentación, a capacidade de transmisión de contidos na realización de presentacións, resolución de problemas, casos e exercicios no tempo e condicións establecidos polo profesor/a. A aplicación desta técnica será presencial e se corresponde coas prácticas da materia.	40	A2 A4 A5	B1 B2 B3 B5	C17	D1
Prácticas con apoio das TIC	Avaliarase a comprensión da materia, a aplicación de técnicas específicas idóneas empregando as TICs, a argumentación, a capacidade de transmisión de contidos na realización de presentacións, resolución de problemas, casos e exercicios no tempo e condicións establecidos polo profesor/a. A aplicación desta técnica será presencial e se corresponde coas prácticas da materia.	20	A2 A4 A5	B1 B2 B3 B5	C17	D1
Exame de preguntas obxectivas	Avaliarase dos contidos teóricos da materia o longo do curso.	40	A2 A4 A5	B1 B2	C17	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación excluíntes: 1) o sistema de avaliación continua e 2) o sistema de avaliación non continua.

En calquer caso a entrega de calquera práctica puntuable implica automaticamente a elección do sistema de avaliación continua.

1) SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA

A nota obtida polo alumno nas distintas actividades presenciais, a excepción da proba final, terá vixencia para as convocatorias ás que da dereito a matrícula de cada curso académico.

As actividades de avaliación continua só se poderán entregar nas datas e sesións establecidas; ademais poderanse facer probas de avaliación continua o longo do cuadrimestre.

A concreción das actividades a realizar dependerá en gran medida do número de alumnos así como da dispoñibilidade de medios.

Os exames das convocatorias ordinarias e extraordinarias desta materia terán lugar na data, hora e lugar establecido polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

2) SISTEMA DE AVALIACIÓN NON CONTINUA

Os alumnos que elixan a avaliación non continua deben comunicar por escrito a súa elección nas tres primeiras semás do cuadrimestre académico no que se imparte a materia e cuia recepción debe ser confirmada polo profesor/a. Dado que deben posuír o mesmo nivel competencial que os alumnos de avaliación continua o seu proceso de avaliación consistirá nun examen final, a realizar nas datas establecidas polo decanato para as distintas convocatorias, que consistirá nunha prueba escrita de carácter teórico e práctico sobre os contidos tratados tanto nas clases teóricas como nas prácticas e que representará o 100% da nota final.

Os exames das convocatorias ordinarias e extraordinarias desta materia terán lugar na data, hora e lugar establecido polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

IIMPORTANTE: O calendario de exames publícase ó inicio do curso polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, pero dito calendario pode ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Consulten a páxina web da facultade, por se hai cambios.

RELACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS:

1. Non está permitido facer uso de teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tablets ou similares nas sesións de traballo. Estes deben estar desconectados, agás autorización expresa do profesor/a.
2. Non está permitido comer nin beber (agás auga) na clase.
3. É imprescindible asistir ás sesións de aula co material necesario para o seu desenvolvemento.
4. O plaxio total ou parcial nas actividades entregadas levará a invalidación das mesmas.
5. Para a realización dos exames só se permite o uso de elementos de escritura e calculadora.
6. O alumno deberá presentarse ao exame debidamente identificado, co D.N.I, pasaporte ou carné de conducir, non sendo válido outro documento.

7. Tódolos exames e probas puntuables deberán ser entregados a súa finalización e baixo ningún concepto poderán ser sacados fora da aula.

8. A revisión de exames terá lugar só no horario e lugar establecido polo profesor/a.

No caso de incumprimento das normas anteriores, o profesor/a poderá adoptalas medidas que estime oportunas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

NEVADO PEÑA, D., **Control de la Gestión Social: La auditoria de los Recursos Humanos**, Universidad de Castilla-La Mancha, 1999

FUENTES GARCIA, F.J., **Introducción a la auditoria sociolaboral**, AVICAM, 2015

BAS; E.; CALVO, R. y GARCIA, M., **Auditoria Sociolaboral**, Asociación Española de Auditores sociolaborales, 2015

SÁNCHEZ, J., **Fundamentos de auditoria de Recursos Humanos**, McGraw Hill, 2014

Bibliografía Complementaria

ALBIZU GALLASTEGUI, E. e LANDETA RODRÍGUEZ, J., **Dirección Estratégica de los Recursos Humanos**, 2ª ed, Pirámide, 2011

FITZ ENZ; J., **Cómo medir la gestión de los Recursos Humanos**, Deusto, 1997

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Organización da empresa/V08G211V01202

Recursos humanos I/V08G211V01405

Dirección estratéxica de empresas/V08G211V01906

Recursos humanos II/V08G211V01503

Outros comentarios

Esta guía anticipa as liñas de actuación que se deben levar co alumno/a na materia e se concibe de forma flexible. En consecuencia pódense requerir reaxustes ou comentarios adicionais ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase, e/ou do grupo de destinatarios e/ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Neste caso aportarase ó alumnado a información e as pautas concertas que o profesor/a estime necesarias.

Plan de Continxencias

Descrición

Metodoloxía docente:

Non sufrirá modificacións, agás no medio, que utilizaríamos as aulas virtuais para desenvolver a materia e os alumnos deberán remitir os traballos ou casos a través da plataforma faitic.

Atención personalizada:

No caso de non poder manter a presencialidade, para calquera dúbida ou consulta teremos tutorías tamén de maneira virtual, que se indicaría no seu caso.

Avaliación:

As probas realizadas de forma presencial pasarán a ter un peso maior, que indicaría no seu caso. O que non varía é a porcentaxe do 20% que se lle da as prácticas con apoio das tic.